



Nota de prensa

Aposta pola acción solidaria

EROSKI E OS SEUS CLIENTES DOARON 8.200 TONELADAS DE ALIMENTOS PARA FAMILIAS NECESITADAS NO 2016

- **5.600 toneladas corresponden a alimentos doados por EROSKI dentro do programa "Desperdicio Cero", co que garante que non se desbote ningún alimento apto para o consumo nas súas tendas senón que se lles doe a organizacións sociais**
- **As campañas de doazóns solidarias desenvolvidas no 2016 a prol dos Bancos de Alimentos deron recadado máis de 2.600 toneladas de alimentos nos establecementos de EROSKI**

Elorrio, 25 de xaneiro do 2017.- [EROSKI](#) e mais os seus clientes doaron 8.200 toneladas de alimentos destinados aos colectivos máis desfavorecidos durante o ano 2016. A cifra equivale ao consumo medio de alimentos de 12.386 persoas ao longo dun ano. Desta doazón, 5.600 toneladas corresponden ao programa "Desperdicio Cero" que garante que non se desbote ningún alimento apto para o consumo nas tendas EROSKI, senón que se lles doe a organizacións sociais da contorna próxima de cada establecemento.

"Como cooperativa de consumo non podemos deixar de lado o noso compromiso social, que nos impulsa a combater o desperdicio alimentario. As doazóns do programa 'Desperdicio Cero' canalízanse a través de Banco de Alimentos e mais dun cento de pequenas organizacións sociais locais", sinala o director de Responsabilidade Social de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

A cooperativa desenvolveu un protocolo de actuación que vixía escrupulosamente pola seguridade alimentaria dos produtos doados. No caso dos alimentos frescos garante o mantemento axeitado da cadea de frío tamén na entidade receptora da doazón, que debe asegurar que cumpre coas mesmas garantías no seu transporte e instalacións.

Os alimentos doados son produtos frescos e de alimentación que EROSKI retira dos seus lineais para cumprir o seu compromiso de frescura máxima cos seus clientes, ou simplemente porque o seu envase presenta unha pequena deficiencia como pode ser un simple estrago ou rotura de embalaxe que impide a súa venda. Todos os alimentos doados por EROSKI están sempre dentro da data de caducidade ou de consumo preferente e en perfecto estado para o seu consumo.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



Participación nas campañas solidarias dos Bancos de Alimentos

EROSKI colabora dende hai máis de 20 anos cos Bancos de Alimentos. *"A nosa colaboración remóntase a 1996 por proposta do Banco de Alimentos de Biscaia e dos propios consumidores. Deste xeito, naceron hai xa máis de 20 anos as campañas de recollida de alimentos nas tendas EROSKI"*, detalla Alejandro Martínez Berriochoa.

Máis de 2.600 toneladas de alimentos foron doadas polos clientes de EROSKI a través de sucesivas campañas de recollida celebradas no 2016 nos establecementos da cooperativa a prol dos Bancos de Alimentos. Na última Gran Recollida, organizada a finais de novembro pola Federación Española de Bancos de Alimentos (Fesbal), recadáronse 1.700 toneladas de alimentos.

"Dende EROSKI, como é habitual, quixémonos unir a este compromiso e engadir unha doazón adicional sobre o total de quilos doados polos consumidores. Os alimentos máis doados foron produtos non perecedoiros como pasta, arroz, legumes, azucre, aceite, conservas de carne e peixe e leite", explica o director de Responsabilidade Social de EROSKI.

O presidente de FESBAL, Nicolás Palacios, pola súa banda, sinala que *"Non hai maior desconsolo que ir a unha casa na que a neveira está baleira. Se non hai alimentación, non hai saúde; tampouco hai educación nin cultura. A alimentación é a base na que se asenta toda esta armazón"*.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
OSCAR GONZÁLEZ URIARTE

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

ZIORTZA BERISTAIN
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)